<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> <li>- A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia.</li> <li>- As grandes desamortizacións liberais: logros e frustracións.</li> <li>- Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía.</li> <li>- Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.</li> <li>- Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural.</li> <li>- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.</li> <li>- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A crise da Restauración.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Recoñece as distintas identidades nacionais e rexionais existentes en España a súa evolución histórica.		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica os principais feitos históricos relacionados co proceso de construción da nación española.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Identifica os trazos políticos máis característicos da etapa da Restauración.		
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Entende o funcionamento político propio da época e as principais transformacións sociais.	PE	90
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Distingue os principais modelos políticos propios do sistema da Restauración.		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflictividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Recoñece as principais iniciativas e protestas que se produciron durante a Restauración en defensa da igualdade social.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Realiza un traballo ou actividade de análise e/ou investigación histórica a partir de distintas fontes.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> <li>- Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.</li> <li>- Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural.</li> <li>- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	A 2ª República e a Guerra Civil.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Recoñece as distintas identidades nacionais e rexionais existentes en España a súa evolución histórica.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica os principais feitos históricos relacionados co proceso de construción da nación española.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Comprende as características dos distintos réximes políticos da República e as causas que levaron á Guerra Civil.		
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimiento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Explica as principais transformacións sociais que se introduciron durante a 2ª República.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Recoñece as distintas ideoloxías políticas presentes durante a 2ª República e a formación dos bandos durante a guerra.		
CA2.4 - Empregar o rigor metodolóxico da historia no estudo das grandes reformas estruturais que acometeu a Segunda República, identificando os seus logros e fracasos, tamén as reaccións que se produciron e que, entre outras consideracións, derivaron no golpe de estado de xullo de 1936, aproximándose á historiografía sobre a Guerra Civil e ao marco conceptual do estudo dos sistemas totalitarios e autoritarios a través da interpretación da evolución do franquismo.	Clasifica e explica as reformas impulsadas durante o período da 2ª República.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflictividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Identifica os apoios sociais das distintas ideoloxías predominantes durante a 2ª República.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Realiza un traballo ou actividade de análise e/ou investigación histórica a partir de distintas fontes.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> <li>- A Segunda República e a transformación democrática de España: as grandes reformas estruturais e a súa orixe histórica. Realizacións sociais, políticas e culturais; reaccións contra as reformas.</li> <li>- O golpe de estado de 1936. A Guerra Civil e o franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios.</li> <li>- Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.</li> <li>- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	O Franquismo.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Recoñece as distintas identidades nacionais e rexionais existentes en España a súa evolución histórica.		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica os principais feitos históricos relacionados co proceso de construción da nación española.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Identifica as principais iniciativas de oposición ao réxime franquista.		
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Comprende as características e a evolución da sociedade española ao longo do franquismo.	PE	90
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Recoñece as características principais do réxime franquista.		
CA2.4 - Empregar o rigor metodolóxico da historia no estudo das grandes reformas estruturais que acometeu a Segunda República, identificando os seus logros e fracasos, tamén as reaccións que se produciron e que, entre outras consideracións, derivaron no golpe de estado de xullo de 1936, aproximándose á historiografía sobre a Guerra Civil e ao marco conceptual do estudo dos sistemas totalitarios e autoritarios a través da interpretación da evolución do franquismo.	Coñece a evolución e os cambios do réxime franquista ao longo da ditadura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Identifica os trazos principais da economía franquista, dende a autarquía ao desenvolvemento.		
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	Relaciona de forma razoada as transformacións económicas cos cambios sociais acaecidos durante o réxime franquista.		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Comprende os cambios sociais que se produciron en España dende a posguerra ata os anos 70 do s. XX.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Realiza un traballo ou actividade de análise e/ou investigación histórica a partir de distintas fontes.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á</li> </ul>

## Contidos

- construción da Europa das liberdades.
- O golpe de estado de 1936. A Guerra Civil e o franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios.
- Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura.
- Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria.
- Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.
- España e o mundo: a contribución de España á seguridade e cooperación mundial e a súa participación nos organismos internacionais. O compromiso institucional, social e cidadán ante os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. O comportamento ecosocial. Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan a España e ao mundo e condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.
- Crecemento económico e sostible: manexo de datos, aplicacións e gráficos para a análise da evolución da economía española desde o desenvolvementismo á actualidade. Desequilibrios sociais, territoriais e ambientais.
- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

UD	Título da UD	Duración
10	A transición democrática e a España actual.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Recoñece as distintas identidades nacionais e rexionais existentes en España a súa evolución histórica.		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica os principais feitos históricos relacionados co proceso de construción da nación española.	PE	90



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.</p>	<p>Comprende a importancia da transición española na configuración dun estado democrático e constitucional.</p>		
<p>CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.</p>	<p>Identifica o papel xogado polas distintas forzas políticas na transición e nos primeiros pasos da democracia española.</p>		
<p>CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.</p>	<p>Analiza o papel da muller ao longo do s. XX.</p>		
<p>CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.</p>	<p>Comprende os principais cambios sociais acontecidos en España dende o final do franquismo ata a actualidade.</p>		
<p>CA4.1 - Identificar e valorar o papel da Transición no establecemento da democracia actual e da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades dos españois, a través da elaboración de xuízos propios sobre os principais debates que afectan o sistema constitucional, mediante o dominio de procesos de procura e tratamento da información.</p>	<p>Coñece os trazos principais do proceso político da Transición e da Constitución de 1978.</p>		
<p>CA4.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado constitucional, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polo estado ata o presente, a evolución dos niveis de vida e de benestar, así como os límites e retos de futuro.</p>	<p>Explica os aspectos fundamentais do proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978.</p>		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Sinalar os retos globais e os principais compromisos do Estado español na esfera internacional, así como os que derivan da súa integración na Unión Europea, a través de procesos de procura, selección e tratamento da información, así como do recoñecemento dos valores da cooperación, a seguridade nacional e internacional, a sostibilidade, a solidariedade, o europeísmo e o exercicio dunha cidadanía ética dixital.	Coñece as características dos principais retos Identifica os principais retos actuais (globalización, Estado de benestar...).		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Recoñece as principais accións de loita das mulleres en defensa dos seus dereitos ao longo do s.XX.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Realiza un traballo ou actividade de análise e/ou investigación histórica a partir de distintas fontes.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> <li>- Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> <li>- Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía.</li> <li>- A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá.</li> <li>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.</li> </ul>

## Contidos

- España en Europa: derivacións económicas, sociais e políticas do proceso de integración na Unión Europea, situación actual e expectativas de futuro. Os valores do europeísmo: principios que guían a idea da Unión Europea e actitude participativa ante os programas e proxectos comunitarios.
- España e o mundo: a contribución de España á seguridade e cooperación mundial e a súa participación nos organismos internacionais. O compromiso institucional, social e cidadán ante os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. O comportamento ecosocial. Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan a España e ao mundo e condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.
- Crecemento económico e sostible: manexo de datos, aplicacións e gráficos para a análise da evolución da economía española desde o desenvolvementismo á actualidade. Desequilibrios sociais, territoriais e ambientais.
- A cultura de seguridade nacional e internacional, instrumentos estatais e internacionais para preservar os dereitos, as liberdades e o benestar da cidadanía.
- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.
- Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para a aprendizaxe da materia de Historia de España empregaranse estratexias que permitan ao alumnado exercitar tanto os procesos instrumentais como as actitudes, utilizando as bases discursivas do pensamento histórico na construción do coñecemento. Tendo en conta a diversidade e individualidade do alumnado, os instrumentos empregados para valorar o desempeño do alumnado partirán das seguintes concrecións metodolóxicas:

- O uso da metodoloxía propia da historia e as ciencias sociais, promovendo a análise crítica das fontes e o desenvolvemento da terminoloxía e dos coñecementos que lle permitan ao alumnado afrontar con solvencia a redacción de composicións históricas.
- O emprego de métodos cuantitativos de carácter serial, gráfico e estatístico na longa e curta duración, que lle permitan ao alumnado comprender e explicar as variables sociais e económicas que incidiron no devir histórico da historia de España.
- Facer énfase nas diversas orientacións de carácter competencial (indutivas e dedutivas) á disposición do historiador para o coñecemento crítico dos procesos e transformacións sociais, as súas causas e as consecuencias derivadas, traballando especialmente sobre conceptos e logros esenciais como a perspectiva de xénero e o acceso á cidadanía, á liberdade, á igualdade, á equidade e ao benestar social.
- Fomentar no alumnado a fundamentación de xuízos propios baseados no uso habitual de fontes primarias e textos historiográficos que lle permitan o achegamento crítico ás diversas ideoloxías e identidades presentes no pensamento sociopolítico da historia de España e de Galicia. – Realizar traballos de investigación e «obradoiros de historia», xerando produtos a través da indagación e a investigación que poñan en valor o patrimonio histórico considerado como un ben común que hai que conservar.
- Traballar de maneira coordinada con outras áreas de coñecemento, de maneira que se facilite a interconexión dos saberes e se propicie o seu afianzamento.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e contidos de elaboración propia (Aula Virtual).
Libro de texto de referencia e consulta.
Recursos audiovisuais.

Ferramentas e aplicacións dixitais.

Para o desenvolvemento da metodoloxía propia da materia empregaranse diferentes materiais e recursos didácticos destinados a adquisición dos contidos e competencias por parte do alumando.

En primeiro lugar, as clases articularanse en torno ás explicacións dos contidos teóricos a partir dos materiais didácticos aborados polos propios docentes e que se poñen á disposición do alumnado por medio de fotocopias e/ou da Aula Virtual. Este material pretende servir de axuda ao estudo e síntese da materia, polo que inclúe presentacións de diapositivas, esquemas e cadros comparativos, glosario cos conceptos de vocabulario e fontes históricas diversas (textos e gráficos).

Ademais, como complemento destes materiais contéplase a posibilidade do uso dun libro de texto de referencia para a súa consulta se os docentes o consideran oportuno, sendo o libro de Historia de España da editorial Baía o escollido polo departamento para tal fin.

Finalmente, os docentes da materia poderán empregar e poñer a disposición do alumnado distintos recursos audiovisuais e dixitais destinados a complementar e apoiar o proceso de aprendizaxe, ao tempo que posibilitan unha mellor atención á diversidade e aos distintos ritmos do alumnado. inclúense recursos e materias didácticos como os documentos e vídeos de carácter histórico, así como a realización de actividades e traballos por medio das TAC's.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Co obxecto de valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, o/a docente poderá realizar unha proba ao comezo do curso por medio de distintos instrumentos (cuestionario, comentario de texto, etc.). Do mesmo xeito, ao inicio de cada un dos temas e/ou bloques da materia o profesorado tratará de avaliar o grao de coñecemento que o alumnado ten sobre os contidos a tratar, o cal pode facer por medio de preguntas directas ou do establecemento dun diálogo que, ao mesmo tempo, sirva para estimular aspectos como a motivación e implicación dos/as estudantes.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>90</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>10</b>

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación establecidos para a materia son os seguintes:

- Probas obxectivas: 90%
- Tarefas e traballos de clase: 10%

As probas obxectivas terán un modelo similar ao recomendado pola comisión encargada das probas ABAU e modificado logo da publicación da Orde ministerial PCM/362/2020 de 22 de abril, que obrigaba a adaptar a proba da ABAU a novos criterios. Porén, o profesorado da materia poderá modificar ou incorporar preguntas se así o considera oportuno. En calquera dos casos, as probas constarán dunha parte teórica (concepts a definir e preguntas teóricas) e outra práctica (comentarios de texto e composicións de tema histórico). Así mesmo, os contidos obxecto das probas iranse apliando conforme avance o curso, quedando a decisión do/a docente a posibilidade de dar escoller distintas opcións de exame como nas probas ABAU.

En calquera dos supostos anteriores, as probas deben servir para que o alumnado poda demostrar as seguintes capacidades:

- Precisión á hora de definir conceptos propios da materia, de forma técnica e sintética.
- Comprensión dos contidos e elaboración dunha resposta razoada e coherente.
- Síntese e precisión espazo - temporal.
- Análise das fontes e relación dos feitos históricos.
- Utilización dos documentos.
- Uso dun vocabulario variado e propio da materia.
- Estruturación lóxica e orde cronolóxica dos contidos.
- Organización clara e limpa das probas.

En canto ás tarefas e ao traballo de clase (10%), o/a docente terá en conta o desempeño diario do alumnado, para o cal pode apoiarse na elaboración de actividades como composicións históricas, comentarios de texto, esquemas ou cadros de síntese ou a participación na clase. O obxectivo de todos estes instrumentos de avaliación é cualificar o grao de implicación e interese do alumnado na materia.

Tanto as probas como as tarefas ou os traballos que faga o alumnado serán devoltos, corrixidos e cualificados o máis rapidamente posible, para que podan coñecer as deficiencias detectadas e poder así subsanalas, ademais de para coñecer as cualificacións parciais que van conseguindo ao longo do curso.

O aprobado nunha avaliación non implica a superación das avaliacións anteriores, sendo necesario que o alumnado supere cada unha delas. A nota final obterase a partir da media ponderada de todas as avaliacións.

No caso de que un/unha alumno/a falte a algunha das probas parciais e/ou finais, deberá aportar un xustificante oficial e a proba realizarase no seguinte día lectivo no que se imparta a materia e en horario de clase.

### **Criterios de recuperación:**

Os/as alumnos/as que non logren alcanzar os obxectivos previstos para os distintos períodos de avaliación terán a posibilidade de recuperar aquelas partes non superadas.

Ao longo do curso realizaranse probas de recuperación para o alumnado que teña algunha avaliación cunha nota inferior a un 5 co obxectivo de que poidan recuperar aqueles contidos que non foron superados. A recuperación consistirá nunha proba escrita, e substituirá (en caso de ser superior) o 90% da nota correspondente ás probas escritas, manténdose inalterable o 10% restante, correspondente ós outros indicadores. Se o/a docente o considera oportuno, o/a alumno/a poderá repetir tamén eses indicadores de valoración con vistas a mellorar a súa cualificación. Para aprobar a materia ao final de curso será necesario ter todas as avaliacións cunha nota igual ou superior a 5. No caso do alumnado que teña unha parte suspensa, no derradeiro trimestre farase un exame final con todos os contidos do curso que servirá de exame de recuperación final.

Os alumnos e alumnas que non obteñan unha cualificación de aprobado na avaliación final preparaán a materia para a convocatoria extraordinaria do mes de xuño, que terá o mesmo formato e os mesmos criterios de avaliación e cualificación que os seguidos durante o curso.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para dar resposta á atención á diversidade seguimos a normativa marcada na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

No presente curso de 2º de Bacharelato (2023 - 2024) hai varios alumnos e alumnas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) relacionadas cos trastornos de TEA (Asperger, grao 1) e TDAH. Nos protocolos elaborados pola administración educativa para estes casos inclúense as seguintes medidas ordinarias:

- Situarase ao alumnado cerca da mesa do profesor/a.
- Asegurarnos en cada momento que o alumnado entende as indicacións realizadas en clase.
- O alumnado contará co tempo que sexa necesario para a realización das distintas probas.

- No caso de dificultades á hora de realizar os exames escritos poderá propoñerse a realización de probas orais.
- Simplificaranse os enunciados das preguntas, evitando a realización de máis dunha pregunta por actividade.
- Non se terán en conta os fallos relacionados coa ortografía ou a composición do texto.
- Evitarase a realización de máis dun exame por día.
- Daranse a coñecer as datas das probas de avaliación co suficiente tempo de antelación.
- Á hora da realización do exame procurarase que o alumnado leve a conta do tempo e de que revise a proba antes de entregala.
- Os exames realizaranse cun tipo de letra fácil de ler (arial, calibri...) e cun tamaño mínimo de 14, así como se procurará destacar en negrita e subliñando as ideais principais co obxectivo de facilitar a súa interpretación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC.	X	X
ET.4 - Educación emocional e valores	X	X

#### Observacións:

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de cine.	Visualización dun filme relacionado cos contidos do curso ao abeiro do programa "Numax na Escola".		X	
Conferencia.	Charla dun experto da Facultade de Historia da USC sobre a represión na ditadura franquista.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos.
Avalío a idoneidade da metodoloxía e dos recursos empregados no proceso de aprendizaxe.
Consulta a programación ao longo do curso, en caso necesario realizo modificacións.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Ao inicio do curso indago sobre a composición da clase consultando informes previos e realizando probas.
Motivo ao alumnado comunicándolle os obxectivos que quero conseguir e a finalidade das actividades.
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumnado.
Suscito tarefas e logros diferentes.
Emprego recursos e materiais variados.
Emprego instrumentos claros para avaliar competencias.
Específico na programación os obxectivos e competencias que son básicas.
Informo ao alumnado sobre os contidos da programación, obxectivos, criterios de avaliación e metodoloxía.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Estudo a forma idónea de organizar e distribuír ao alumnado na aula.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase.
Propoño exercicios e probas de diferente complexidade tendo en conta a diversidade.
Propoño metodoloxías diversas en función das características do alumnado.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Reúnome cos meus compañeiros para avaliar os procesos de aprendizaxe e os resultados obtidos en cada avaliación.

### Descrición:

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe como da propia práctica docente será continua e contemplará as necesidades específicas do alumnado polo que poderase adaptar e modificar en caso de ser necesario.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación ao alumnado individual ou ao conxunto do grupo deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

Ademais dos indicadores que permiten valorar o proceso de ensino tamén contemplamos, en relación á práctica docente, o establecemento de indicadores de logro que axuden a facer un seguimento de:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,¿
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

As sesións de avaliación permitirán valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Establecemos a seguinte rúbrica para axudar a levar a cabo os obxectivos marcados:

Escala de valoración

1. Idoneamente
2. Suficiente
3. Con dificultade

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os compoñentes do Departamento de Xeografía e Historia habilitarán as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas para corrixir calquera carencia o dificultade atopada durante o curso. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solucionar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Os profesores de Xeografía e Historia pretendemos promover a autoavaliación da realización das programacións didácticas. Para levar a cabo esta reflexión empregaremos diferentes ferramentas e rúbricas como as expostas abaixo:

- Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase é o adecuado as características do grupo
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumnado.
- Considerouse a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento de contidos, ...).
- Observáronse aprendizaxes significativos.
- Grao de seguimento dos alumnos.
- Validez dos recursos utilizados na clase para os aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están consensuados entre os profesores
- Os criterios de avaliación positiva están vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables do aprendizaxe.
- Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación son coñecidos por alumnos e familias
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes
- Aplicáronse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos

A escala de valoración para a medición do grao de cumprimento da Programación Didáctica é a seguinte:

1. Idoneamente
2. Suficiente
3. Con dificultade

## 9. Outros apartados